

Sr. Presidente da Xunta de Galiza

Durante os meses transcorridos no presente curso escolar 2019-20 as organizacións sindicais con representación nas diferentes Xuntas de persoal docente e na Mesa Sectorial diriximos en numerosas ocasións as nosas demandas e queixas á conselleira de Educación en relación ao que supón un profundo malestar entre o profesorado: a recuperación dos nosos dereitos e a mellora das nosas condicións de traballo, comezando polo retorno ao horario lectivo que tiñamos até 2011 no corpo de mestres e 2012 nos demais corpos docentes.

Levamos anos sufrindo as consecuencias dunhas políticas de recortes que tanto desde o goberno central como do galego se executaron coa escusa dunha crise económica que pagamos como se fósamos responsábeis dela cando o que fomos foi vítimas. Durante todos estes anos o goberno que vostede preside, en boca das diferentes persoas que dirixiron a Consellaría de Educación, negouse a mellorar as nosas condicións de traballo e, en concreto, diferiu toda posíbel negociación a un cambio lexislativo na normativa básica do Estado que en 2012 anulou unilateralmente as competencias que en materia de horario do persoal docente gozaba o seu goberno, sen que vostede, por outra parte, puxese o máis mínimo inconveniente. Antes ben, foi o seu goberno dos máis dilixentes en executar os recortes.

Esa negativa da Consellaría a negociar a devolución dos nosos horarios, a incrementar persoal docente e poder tomar medidas que conducisen a unha mellor atención do noso alumnado, con desdobres e máis reforzos, con melloras nas ratios e unha mellor atención á diversidade, perdeu toda razón de ser coa entrada en vigor da Lei 4/2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e do ensino no ámbito da educación non universitaria. Malia iso, o único cambio na resposta da Consellaría foi un cambio de argumentario: agora o problema xa non era a legalidade, senón unha suposta falta de fondos que ninguén cre nin pode tomar en serio, máxime cando o seu goberno leva anos gabándose dunha suposta boa xestión que o profesorado e o ensino público non ven por ningún lado.

As mobilizacións que o profesorado levou adiante no primeiro trimestre do presente curso escolar e que tiveron como data destacada a folga xeral docente do 12 de decembro non son máis que unha mostra do fastío dun corpo docente que non pode agardar máis para que se poña fin ás políticas regresivas que o seu goberno aplicou en materia de persoal desde o inicio do seu primeiro mandato

Malia a resposta contundente e unha xeneralización do descontento entre o profesorado, os responsábeis da Consellaría non reaccionaron nin amosaron disposición a abrir unha vía de diálogo para que o curso escolar 2020/21 poida comezar cunha mellora que non só sería positiva para todas e cada unha das e dos profesionais que facemos que día a día o noso sistema educativo público funcione senón, e sobre todo, para devolver parámetros de calidade debilitados nesta última década, na que a sobrecarga lectiva, burocrática e de ratios primaron sobre a necesaria coordinación didáctica e a mellor atención ao alumnado.

Como afirmamos na Mesa Sectorial do pasado 4 de febreiro, primeira reunión posterior ás mobilizacións do anterior trimestre, logo de escoitar novamente que non se vai producir ningún movemento por parte da Consellaría, está claro que non temos xa ningunha interlocución posíbel coa Consellaría de Educación. É vostede, señor presidente, o

responsábel máximo, ou visto o visto, único, da negativa da Xunta de Galiza a negociar as melloras laborais do profesorado galego. É vostede, señor presidente, quen nestas últimas semanas evidenciou que as mellores decisións que tomou o seu goberno foron como rectificación a decisións previas. Verín e Touro son boa mostra disto. Está na súa man, exclusivamente na súa man, rectificar o desprezo co que a Consellaría trata o profesorado e negociar a devolución do noso horario lectivo de 18 horas en secundaria e 21 en primaria. Levámolo dito insistentemente: o profesorado galego non pode seguir sendo refén nin dos recortes nin das disputas artificiosas entre o goberno galego e o español. Non queremos traballar menos horas, porque non estamos a demandar unha redución da nosa xornada laboral. Queremos algo moi sinxelo: recuperar o que nos era noso, sr. Feijóo. Un horario máis acomodado á practica docente e no que dispoñamos de máis tempo para traballar fóra das aulas.

Como responsábeis de todas as organizacións sindicais con representación do profesorado galego demandámoslle que interveña neste conflito e asuma a convocatoria dunha mesa de negociación para rematar cunha imposición que levamos soportando desde hai xa demasiados anos. Se vostede, como máximo responsábel do goberno galego non o fai, o profesorado galego só poderá concluír que somos considerados como un elemento secundario, desprezado nas súas políticas e ao que só lle cabe seguir pola vía das mobilizacións. A decisión é súa, señor presidente.

Reciba un cordial saúdo

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2020

CIG-ENSINO

CCOO-ENSINO ANPE

FESP-UGT

STEG

CSIF